

#### DATAS

5, 6, 7 e 8 de febreiro de 2007

#### LUGAR DE CELEBRACIÓN

Facultade de Filoloxía e Tradución

#### PRAZO DE INSCRICIÓN

Ata o día 2 de febreiro

#### VALIDACIÓNS

2 créditos de libre configuración para os alumnos da FFT

#### NÚMERO DE PRAZAS

100

#### TAXAS DE MATRÍCULA

Estudantes da Universidade de Vigo: 45 euros

Estudantes da EOI: 45 euros

Socios da AGPTI: 45 euros

Profesionais: 90 euros

#### CONTACTO

Xoán Montero Domínguez

Despacho C39 da FFT - Tlf.: 986812066

xoanmontero@uvigo.es

#### FORMALIZACIÓN DA MATRÍCULA

A matrícula entenderase formalizada cando o asistente entregue na sala de celebración do congreso o resgardo de pagamento das taxas e, no caso de ser estudante ou socio da AGPTI, a fotocopia do xustificante.

Para realizar o pagamento das taxas, os interesados deberán ir a calquera oficina de Caixa Galicia e dicir que se queren matricular no congreso realizado na Universidade de Vigo, indicando:

**I Congreso de Tradución para a dobraxe en**

**Galiza, País Vasco e Cataluña**

**Código: INV00031**

**Nome e apelidos:**

**DNI:**

Se se quere facer o pagamento da matrícula por transferencia desde outra oficina bancaria, o número de conta é: 2091 0501 64 3110000201 (CAIXAGALICIA O.P-VIGO-TAXAS) indicando ademais o código do curso, D.N.I./Pasaporte, nome e apelidos.


#### OBXECTIVOS DO CONGRESO

1. Ofrecer unha perspectiva histórica da dobraxe en Galiza, País Vasco e Cataluña e dar a coñecer os servizos de produción allea das tres canles (TVG, ETB e TV3).
2. Ofrecer unha formación complementaria e especializada sobre unha modalidade de tradución que está moi presente no mercado profesional dando a coñecer a todos os asistentes ao congreso o mercado da tradución audiovisual no tocante a empresas (estudios de dobraxe), axencias de tradución e interpretación e axentes mediadores (técnicos en recursos lingüísticos) relacionados con este ámbito profesional.
3. Mostrar as experiencias profesionais da tradución para a dobraxe nestas tres comunidades: estratexias de tradución de produtos dobrados para a televisión (filmes, debuxos animados, documentais...).


#### ENTIDADES COLABORADORAS



Universidade de Vigo



**T&P**  
**TRADUCCIÓN & PARATRADUCCIÓN**



**I Congreso**  
**de tradución**  
**para a dobraxe**  
**Galiza, País Vasco e Cataluña**

5, 6, 7 e 8 de febreiro de 2007

## DIRECCIÓN E ORGANIZACIÓN

Xoán Montero Domínguez (Universidade de Vigo)

## COORDINACIÓN

Grupo de Investigación tradución & paratradución (T&P)

## COMITÉ CIENTÍFICO

Rosa AGOST CANÓS (Universitat Jaume I)  
Alberto ÁLVAREZ LUGRÍS (Universidade de Vigo)  
Josu BARAMBONES ZUBIRIA (Euskal Herriko Unibertsitatea)  
Frederic CHAUME VARELA (Universitat Jaume I)  
Anxo FERNÁNDEZ OCAMPO (Universidade de Vigo)  
Xoán Manuel GARRIDO VILARIÑO (Universidade de Vigo)  
Ana LUNA ALONSO (Universidade de Vigo)  
José YUSTE FRÍAS (Universidade de Vigo)  
Patrick ZABALBEASCOA TERRÁN (Universitat Pompeu Fabra)

## PONENTES

### GALIZA

**María Alonso**

(Tradutora da serie de animación *Shin Chan*. Correctora ortotipográfica e de estilo para a Editorial Galaxia, S. A.)

**Xerardo Couto**

(Actor e director de dobraxe, axustador e tradutor)

**Luís Iglesia**

(Actor de dobraxe: voz en galego de actores como Harrison Ford, Mel Gibson, Paul Newman, Robert de Niro...)

**Ana Lemos**

(Actriz de dobraxe: voz en galego de actrices como Jodie Foster, Julia Roberts, Meg Ryan, Natasha Kinsky, Shin-Chan...)

**Rosa Moledo**

(Tradutora de longametraxes producidas en Galiza como: *Fisterra*, *Sei quen es*, *Os luns ó sol*, *O lapis do carpinteiro*, *O ano da carracha*...)

**Ramón Novo**

(Asesor lingüístico do servizo de produción allea da Televisión de Galicia)

**Alfonso Valiño**

(Actor e director de dobraxe na empresa "Sodiner". Co-dirección da serie *Shin-chan*)

### PAÍS VASCO

**Asier Larrinaga**

(Xefe do Departamento de éuscaro en ETB)

**Beatriz Zabalondo**

(Tradutora para o audiovisual éuscaro desde 1984 de longametraxes como: *El Cid*, *Alien*, *El Padrino*, *Atracción Fatal*... e de series de animación como *Doraemon*)

### CATALUÑA

**Josep María Carbó**

(Coordinador do Servizo Lingüístico de produción allea de TV3)

**Lluís Comes i Arderiu**

(Tradutor, axustador e letrista para o audiovisual catalán de longametraxes como: *The English Patient*, *Hamlet*, *Harry Potter and the Chamber of Secrets*...)

# Programa

## Luns, 5 de febreiro

- 09:00 h. Entrega de documentación.
- 09:30 h. Inauguración do congreso e presentación do programa.
- 10:00 h. Presentación da AGPTI
- 10:30 h. María Alonso: Experiencias profesionais da tradución para a dobraxe na TVG.
- 11:30 h. Pausa.
- 12:00 h. María Alonso: Estratexias para a tradución de *Shin Chan*.
- 14:00 h. Xantar.
- 16:30 h. Rosa Moledo: A tradución dos guións para a dobraxe cinematográfica en galego.
- 18:00 h. Pausa.
- 18:30 h. Xerardo Couto: Narratividade: un posible elo entre a teoría e a práctica.

## Martes, 6 de febreiro

- 10:00 h. Luís Iglesia: Estilos interpretativos, recursos expresivos da voz e linguaxe non verbal.
- 11:30 h. Pausa.
- 12:00 h. Ana Lemos: Estratexias para a dobraxe de *Shin Chan*.
- 14:00 h. Xantar.
- 16:30 h. Alfonso Valiño: O labor dun director de dobraxe desde o punto de vista da tradución para a dobraxe en Galiza.
- 18:00 h. Pausa.
- 18:30 h. Ramón Novo: Control lingüístico das traducións para a dobraxe na TVG.

## Mércores, 7 de febreiro

- 10:00 h. Asier Larrinaga: A tradución e a dobraxe en ETB.
- 11:30 h. Pausa.
- 12:00 h. Beatriz Zabalondo: Dificultades da tradución para a dobraxe en ETB.
- 14:00 h. Xantar.
- 16:30 h. Josep María Carbó: Como formar un servizo lingüístico de dobraxe e un modelo de lingua: a experiencia de TV3.
- 18:00 h. Pausa.
- 18:30 h. Lluís Comes i Arderiu: Experiencias profesionais da tradución para a dobraxe en TV3.

## Xoves, 8 de febreiro

- 10:00 h. Josep María Carbó: Tradución para a dobraxe: xéneros audiovisuais e perfil profesional dos tradutores en TV3.
- 11:30 h. Pausa.
- 12:00 h. Lluís Comes i Arderiu: Adaptación de textos e cancións para a dobraxe en Cataluña.
- 14:00 h. Xantar.
- 16:30 h. Asier Larrinaga: A nova era na tradución audiovisual en éuscaro.
- 17:30 h. Pausa.
- 18:00 h. Mesa redonda
- 20:00 h. Clausura do congreso e entrega de certificados.
- Actuación de Quico Cadaval.